



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Colexio Rural Agrupado "Santa Comba"

Rúa Galicia 26, 1º D
15840 Santa Comba - A CORUÑA
Teléfono/Fax: 981 881327
Web: <http://centros/edu.xunta.es/crasantacomba>
Correo electrónico: cra.santacomba@edu.xunta.es

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Colexio Rural Agrupado de Santa Comba
Santa Comba, Outubro 2009



Membros do ENDL do CRA de Santa Comba:

ANDREA PÉREZ GARABÁN

M^a LORENA TOIMIL MATO

MAR FERNÁNDEZ LODEIRO

MARÍA MONTES ORTOÑO

MARICARMEN BUSTO BOUZAS

JOSÉ DOMINGO LADO FORMOSO

JESUS MANUEL MOSQUERA BAAMONDE (Coordinador)



1. INTRODUCCIÓN

O CRA de Sta.Comba solicita a participación nos premios á innovación en normalización lingüística para centros de titularidade da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, ao abeiro da convocatoria de 7 de setembro de 2009 realizada pola Secretaria Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Con este motivo presentamos este proxecto ao que quixemos pórle o nome de "Anacos da nosa memoria". Pois, ao cabo, serán iso: anacos da memoria. Porque o patrimonio inmaterial da zona que pretendemos recoller reside aí, na memoria da xente que aínda mantén mostras desa nosa grande riqueza cultural.

A existencia na zona na que se insire o noso centro dunha, aínda considerable, tradición oral que se manifesta sobre todo baixo a forma de cantigas populares, mais tamén doutras formas de tradición oral como poden ser: contos, lendas, coplas, poesías, refráns, ditos, adiviñas, rimas de xogos... levounos a plantexármonos un labor de recollida de toda esta riqueza cultural. Mais este patrimonio inmaterial tan rico e variado cada vez vai a menos. Os/as depositarios/as desta tradición oral son, en xeral, xente de idade avanzada e a transmisión á seguinte xeración que había de tomar o relevo ficou interrompida na meirande parte dos casos. Nos profundos cambios socioeconómicos ocorridos no noso país sobre todo desde a segunda metade do século XX e a conseguinte mudanza nos costumes e no estilo de vida están sen dúbida as causas desta interrupción. Non podemos porlle freo aos cambios que se producen na sociedade, mais si pretendemos evitar que estes cambios borren manifestacións culturais que son produto dun estilo de vida e dunha outra sociedade que xa non existe, mais na que temos as nosas raíces. Cómpre non esquecer de onde vimos para sabermos realmente onde queremos ir.



BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

Cómpre comezar analizando brevemente a situación sociolingüística do noso centro, pois isto será o punto de partida da nosa xustificación do proxecto.

-Contorno sociolingüístico do centro.

O CRA de Santa Comba insírese nun contorno rural no que a presenza do galego como lingua habitual é practicamente total. Que sexa a habitual non quer dicir que estea normalizada. A concepción diglósica sobre o galego que historicamente arrastramos está presente tamén no contorno do noso centro. Este é un dos aspectos fundamentais a traballar.

-Situación lingüística do profesorado

Aínda que non todos os/as mestres/as do CRA Santa Comba son galego falantes habituais, no exercicio do labor docente temos claro que a lingua vehicular do ensino ten que ser o galego. Non só porque así o dita a normativa vixente que regula o uso do galego no sistema educativo, mais tamén porque estamos convencidos de que así debe ser.

-Situación lingüística do alumnado

Segundo o estudo sociolingüístico levado a cabo no centro, a través de entrevistas coas familias, conclúese que practicamente a totalidade das familias teñen como lingua materna e vehicular o galego. Podemos afirmar que o 100% do alumnado é galegofalante. Mais este bo dato estatístico non nos debe facer perder a perspectiva xa que hai moito por traballar no aspecto da consideración ou do prestixio que lles merece a súa lingua. Non tanto por parte dos alumnos/as que pola súa curta idade non son aínda plenamente conscientes, se non máis ben por parte dos pais/nais que continúan a transmitir unha concepción diglósica da propia lingua.

-Situación lingüística do centro

Todo o persoal do centro, director, secretario, profesorado, alumnado e persoal de limpeza empregan habitualmente o galego como lingua vehicular no labor



docente e profesional. Non é así nas relacións persoais entre docentes nas que algúns empregan maioritariamente o castelán.

Na Educación Infantil a lingua utilizada, a materna, é a galega, todas as áreas de Primaria son impartidas en lingua galega. O Profesorado imparte todas as clases en galego, agás a lingua castelá. Boa parte do material bibliográfico utilizado polas alumnas/os está en galego, aínda que fai falla equipalo en canto a programas informáticos e vídeos na nosa lingua.

No ámbito administrativo dende hai moito tempo emprégase a lingua galega para toda a información: claustros, consellos, notificacións, circulares, convocatorias, expedientes,... fax, teléfono, cartas, mail, son sempre en galego.

As reunións de claustro, equipo directivo, equipos docentes, comisión pedagóxica, reunións informativas, reunións de nais/pais, informes, avaliacións, rexistros acumulativos do alumnado, exames, probas, traballos, etc..., toda a documentación faise sempre en galego.

2. XUSTIFICACIÓN

O ENDL do CRA de Sta. Comba plantexouse a necesidade de elaborar o presente Proxecto a partir da confluencia de diferentes factores:

- Por unha banda, a evidencia dunha infravaloración da propia lingua por parte dos pais que inevitablemente é transmitida aos fillos fixonos pensar en elaborar liñas de actuación dirixidas a traballar a valorización da lingua e cultura galegas por parte das familias dos/as nosos/as alumnos/as.
- Por outra banda, como xa comentamos na introdución, temos observado que na zona na que se insire o noso centro existe unha importante tradición oral. Este feito levou a plantexármonos un labor de recollida deste patrimonio inmaterial. Alén diso, a constatación de que non existe un relevo xeracional que manteña toda esta riqueza cultural, moveunos a facer un traballo baseado na recopilación e gravación dese patrimonio. Queremos que quede constancia para o futuro .



- Existe por parte dos nosos alumnos un descoñecemento xeralizado destas manifestacións culturais e o presente proxecto é unha ocasión magnífica para traballarmos estes aspectos da cultura popular galega nas nosas aulas.
- En relación ao exposto no punto anterior, a UNESCO define como “Tesouros humanos vivos” ás persoas ou grupos que posúen un saber ou unha habilidade relacionada con calquera disciplina do coñecemento e da cultura. En xeral, podemos considerar a estas persoas como portadores do patrimonio que manteñen e transmiten as diversas expresións do patrimonio inmaterial. Estes portadores están na comunidade, na sociedade. Temos ao noso carón persoas que transmiten saberes e destrezas aprendidas de xeracións anteriores. A cultura popular sempre estivo mantida polas persoas e as comunidades. Exemplos de “Tesouros humanos vivos” atopámoslos en calquera destes eidos:
 1. Calquera das tradicións e expresións orais nas que a lingua sexa o soporte da expresión cultural.
 2. Nas danzas, cantos, romarías e rituais festivos que teñan un significado esencial para unha determinada comunidade ou grupo social.
 3. Nos usos sociais, rituais e actos festivos que se realizan durante o ciclo anual.
 4. Nos coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo. Tanto na cultura agraria como marítima atopamos toda unha sabedoría asociada a diferentes prácticas e usos.
 5. Nas técnicas artesanais tradicionais relacionadas con oficios e saberes.

Atopemos, pois, os nosos Tesouros humanos vivos.

- Alén diso, desde o ENDL pretendemos establecer liñas de actuación que non se enmarquen exclusivamente no ámbito do propio centro



educativo. A idea de que o ENDL debe ser dinamizador do contorno no que se insire implicando non só á comunidade educativa (alumnado, mestres e familias) senón tamén ao resto da viciñanza levounos a pensar en establecermos unha relación do patrimonio recollido co comercio da zona e que este sexa “escaparate” de excepción para visibilizarmos o galego como lingua de cultura e como lingua útil. Mais tamén queremos implicar a outras institucións locais como: o Servizo de Normalización Lingüística do Concello, a Casa da Cultura, o local social da terceira idade, Asociación de Empresarios de Santa Comba...

3. CONTEXTUALIZACIÓN

TIPOLOXÍA DO CENTRO

As siglas C.R.A. corresponden a **Colexio Rural Agrupado**. É dicir, varias escolas unitarias separadas en canto á súa localización, pero que forman un centro único, comparten profesorado especialista e posúen un proxecto educativo común.

A finais dos 80 nacen os colexios rurais agrupados (CRA) como instrumentos que serven para resolver mellor os problemas das escolas unitarias. O CRA Santa Comba foi fundado no curso 1988-89 e xunto cos de Teo e Narón constituíron os tres primeiros Colexios Rurais Agrupados de Galiza. O noso CRA cumpriu, xa que logo, 20 anos de existencia. Na actualidade son sete escolas as que configuran o centro (Freixeiro, Montouto, San Cristovo de Mallón, San Salvador de Padreiro, Boaña, Picotos e Busto).

O centro conta cunha sé que serve como centro administrativo e punto de encontro de todos os membros da Comunidade Educativa: mestres, pais e alumnos. Dita sé atópase na vila de Santa Comba.



CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EDUCATIVO:

O Colexio Rural Agrupado "Santa Comba" atópase no concello de Santa Comba, situado no sureste da provincia da Coruña, na comarca do Xallas. Podemos falar por tanto dun contorno maioritariamente rural.

En xeral, a tipoloxía de familia do noso alumnado é a tradicional constituída polo núcleo familiar base (pais-fillos). Mais en moitos casos conviven tamén con outras persoas (avós, tíos...). Esta tipoloxía de familia na que coinciden varias xeracións no mesmo domicilio, aínda que é típica de zonas rurais vai cada vez en maior retroceso.

Este centro de titularidade pública conta coas seguintes unidades e niveis educativos:



Número de unidades: 7 unidades mixtas de E.I. e E.P. as idades dos nosos alumnos e alumnas están comprendidas entre os 3 e os 7 anos.

Niveis educativos : 2º ciclo de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria.

Ao remataren o primeiro ciclo de Primaria os/as alumnos/as do centro continúan os seus estudos nos colexios receptores CEIP Barrié de la Maza e CEIP Pepe Xan Baña.

4. OBXECTIVOS

Canto aos principais obxectivos a acadar, cómpre distinguir entre toda unha serie de obxectivos de carácter xeral cuxa consecución hai que plantexala en termos de longo prazo, e outros máis específicos do proxecto que estamos a presentar que serían os obxectivos a cumprir dun xeito máis inmediato:

OBXECTIVOS XERAIS

- Traballar para desterrar a concepción diglósica sobre o galego, para lograr que os nenos e nenas valoren de forma positiva o uso da lingua propia.
- Dado que o uso do galego na actividade docente é total por parte dos mestres/as do CRA de Santa Comba, un obxectivo a acadar sería fomentar o uso da lingua galega de forma xeralizada nos usos informais (non docentes), por parte daqueles mestres/as que non son galegofalantes habituais na súa vida cotiá.
- Potenciar o uso da lingua galega e a súa valoración positiva entre os escolares.
- Mellorar a competencia lingüística do alumnado, dado que no CRA de Santa Comba o obxectivo do uso da nosa lingua, está xa acadado de feito.
- Favorecer o uso da lingua en actividades de expresión oral como: dramatizacións, cantigas,...



- Promover a autoestima das familias, como imprescindible na transmisión do idioma e na aprendizaxe do mesmo polas alumnas/os.
- Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TICS) promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización e divulgación dos diversos recursos que ofrece internet na nosa lingua, etc. Somos conscientes da influencia e do interese co que se achegan ás TICS os máis novos. Por iso consideramos que unha medida normalizadora que pode ter unha grande influencia no alumnado é asociar o galego coas TICS.
- Asesorar desde o ENDL en todo o referente ao uso e promoción do galego.
- Difundir o proxecto e fomentar a participación no mesmo da comunidade educativa.
- Potenciar a presenza no centro da realidade galega en todas as súas variantes: historia, cultura, xeografía, etnografía, arte, folclore, lingua, literatura, economía,...
- Implicar no proxecto algunhas institucións, entidades ou asociacións externas ao centro.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Identificar, recoñecer e pór en valor os “tesouros humanos vivos” que contribúen á preservación da nosa identidade e do noso patrimonio inmaterial.
- Concienciar ás familias do valor cultural desas cantigas, ditos, contos, lendas... que coñecen. Facer que o poñan en valor, que o incorporen ao ensino-aprendizaxe dos seus fillos ou netos e que llelo transmitan.



- Atraer as familias á escola e que se conviryan tamén en protagonistas do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos-netos...
- Actuarmos de "recolledores" dese patrimonio inmaterial e deixar constancia do mesmo documentándoo graficamente.
- Concienciar a toda a comunidade educativa dos lazos lingüísticos e culturais comúns dos integrantes da Eurreorrexión Galiza-Norte de Portugal.
- Desenvolver a linguaxe oral a través de cantigas, refráns, adiviñas... de tradición cultural.
- Espertar o interese pola aprendizaxe das manifestacións orais de carácter popular: poemas, ditos...
- Fomentar unha actitude de escoita, respecto e gusto por aprender dos maiores.
- Empregar nas nosas aulas a tradición oral como un recurso didáctico fundamental.

5. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

PROPOSTA METODOLÓXICA, DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES E CONTIDOS

Coa posta en marcha do Proxecto "**Anacos da nosa memoria**" do ENDL do CRA Santa Comba tentamos contribuir a identificar, recoller e transmitir o Patrimonio Inmaterial da zona.

*Para **recopilarmos todo este material** enviaremos unha maletina viaxeira que visitará as casas dos/as nosos/as alumnos/as.* Na maleta incluiremos un ficheiro cunhas fichas-modelo nas que han incorporar os datos da recollida. En ditas fichas os pais/avós poderán escribir todos aqueles materiais que consideren oportuno. O ficheiro irá acompañado cunha carta explicativa do proxecto. De todas maneiras, dado que o contacto coas familias é moi directo, explicarlémoslles o proxecto tamén verbalmente animándoos así a colaborar de



xeito activo. *Cada semana un/ha alumno/a levará a maleta viaxeira á súa casa. Ao cabo deste tempo devolveraa á escola para que outro/a neno/a a leve. Este será o principal sistema de recollida, mais non o único.*



Queremos tamén que sexan os propios coñecedores dese patrimonio inmaterial os que nolo traían á escola e nolo amosen. Este camiño casa-escola é de dobre sentido polo que para aquelas persoas que non se sintan co ánimo de amosarnos o que coñecen na escola, os membros do ENDL estamos dispostos a acudir alí onde se nos convide para *rexistrar graficamente o que nos queiran contar.*

Toda esta riqueza cultural en forma de cantigas, contos, lendas, rimas de xogos, etc... hanse plasmar, entre outros soportes, nun grande libro (coas páxinas en branco) que iremos enchendo pouco a pouco. Este libro feito cos "anacos da memoria" pasará a facer parte da Biblioteca do CRA e circulará de escola en escola para traballar o seu contido dun xeito didáctico. **A finalidade última deste proxecto é integrar o resultado do mesmo como parte do proxecto educativo do centro.**

Deste xeito, esta recollida da tradición oral, non queda como algo anecdótico, senón que será empregado como **un recurso didáctico fundamental dentro das nosas escolas.** Polo tanto, o noso alumnado coñecerá e interpretará cantigas, sortes de xogo, algún contiño, refráns... os cales iremos introducindo na rutina diaria das nosas aulas. Botaremos man deles cada día e traballaremos os textos escritos de todo este material recollido.



Canto ao aspecto do ENDL de dinamizador lingüístico do contorno, xa comentamos a idea de **implicar tanto a institucións locais como a empresas privadas, nomeadamente, o comercio** da vila de Santa Comba. É a nosa intención contactar con algúns comercios céntricos e facerlles unha *proposta na que se visibilice o galego no seu negocio*. Veremos a posibilidade de traballar en cooperación co Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

Nunha primeira fase, o ENDL de Santa Comba, coa axuda de toda a comunidade educativa faríalles unha *proposta de decoración do seu escaparate no que a lingua galega tivese un protagonismo claro*, empregando palabras alusivas ao seu negocio integradas nalgún tipo de decoración. O material recollido no proxecto "Anacos da nosa memoria" tería tamén protagonismo nesta acción xa que veríamos de integrar as cantigas, refráns, ditos... recollidos no escaparate en función do negocio do que se trate.

Por exemplo: se nalgunha cantiga se fala da sega, ou dos muíños, ou da antiga tarefa doméstica de enfnar, ou ben algún refrán ou dito fai referencia ao pan isto sería obxecto de exposición, por exemplo, nun forno de pan ou panadería.

Nunha segunda fase, faríamolles unha proposta de rotulación interior na que toda a sinalética aparecese en galego.

O Proxecto "Anacos da nosa memoria" estará en marcha ao longo de todo o curso 2009-10, mais ten vocación de permanencia no longo prazo xa que no colexio cada ano entran alumnos novos que poderán fornecer novas mostras de patrimonio inmaterial, e novas mostras de "tesouros vivos".

Algúns das **actividades** concretas que pretendemos levar a cabo son as seguintes:

- ✓ Mostras-Audicións nas escolas por parte dos coñecedores deste Patrimonio.
- ✓ Elaboración de Unidades Didácticas a partir do material fornecido. Por exemplo, confección de cestos.



- ✓ Saídas en horario lectivo cos alumnos na procura destes “tesouros vivos”. Por exemplo, saída para aprender a facer cestos.
- ✓ Saídas fóra de horario lectivo por parte dos mestres colaboradores na procura de xente coñecedora deste patrimonio. Sería o caso de persoas que non “se atreven” a acudir á escola a facernos unha mostra, ou ben doutras que non pertencerían á comunidade educativa como o local social da terceira idade.
- ✓ Elaboración do blog específico para amosar as recollidas incluíndo material videográfico e fonográfico.
- ✓ Edición en vídeo das gravacións feitas, elaborando un vídeo-presentación das mesmas. Por exemplo: un vídeo recollerá a nenos/as e maiores cantando e lembrando en que situacións e lugares cantaban cada tipo de cantigas. Noutro vídeo aparecerán tamén nenos/as e maiores recitando ditos, poemas e refráns que iremos relacionando cos meses do ano. Tamén mencionarán as tarefas, comidas, festas... de cada época do ano. Noutro vídeo recolleremos danzas que ían acompañadas de cantos.
- ✓ Recopilación de todas as actividades e eventos que se leven a cabo para logo publicalos na nosa “Revista Escolar ANDORIÑA”, que editamos anualmente.
- ✓ Visita ao Fogar da Terceira Idade onde o noso alumnado poderá escoitar algún conto, cantiga... e incluso aprender algún xogo popular da man dos maiores.
- ✓ Elaboración de cadernos onde o alumnado escribirá adiviñas, sortes de xogo... Tamén escribirán e ilustrarán algún dos contos recollidos. Estes cadernos e contos pasarán a formar parte da biblioteca do centro.
- ✓ Obradoiro de aturuxos, regueifas e rap. Acudirán ás nosas escolas varios/as convidados/as que nos ensinarán a botar un aturuxo. Tamén escoitaremos regueifar e rapear. Ademais de implicar neste proxecto un grupo de persoas de idade avanzada, xa que son as xeracións que posúen estes “tesouros vivos”, queremos que a xente máis nova, en



concreto a mocidade, se implique no noso proxecto. Para iso traballaremos un estilo musical que agrada moito a estas xeracións máis novas: o rap. Partiremos do traballo coas regueifas para logo introducir o rap. Inventaremos pareados que logo empregaremos para regueifar e rapear, comparando polo tanto, ámbalas dúas técnicas. Contaremos coa presenza na nosa escola dun grupo de rap da zona.

- ✓ Contactaremos con algúns colexios do norte de Portugal e por vídeo-conferencia poñeremos en contacto ao alumnado de ambas escolas. Faremos unha presentación do alumnado e intercambiaremos cantigas.
- ✓ Elaboraremos actividades para traballar na pizarra dixital, empregando os textos recollidos.
- ✓ Ademais destas actividades de recollida, e do traballo dentro das escolas a partir destes textos de transmisión oral, tamén levaremos a cabo unha serie de actividades que terán como obxectivo “dar a coñecer” todo aquilo que imos aprendendo. Polo tanto sairemos fóra da escola para amosar toda a sabedoría que nos está chegando. Por exemplo, sairemos a cantar os reis polos arredores das escolas. Previamente recolleremos estes cantares de reis e traballaremos sobre eles dentro da aula.
- ✓ Outra saída que faremos será unha visita á feira de Santa Comba. Cada neno/a memorizará unha estrofa dunha cantiga, un poema... que teña relación con algún dos postos que atoparemos na feira. Por exemplo no posto da froita recitaremos ou cantaremos:

E o que me axude a cantare
heille de dar unha mazá
pero a quen me non me axude
e así non lla podó dar.

- ✓ Outra actividade que planificamos xa como remate de curso será a celebración dunha romaría onde convidaremos a tódalas familias e



veciños/as das escolas. Haberá postos con doces, xogos populares, danzas, músicos...

- ✓ Unha actividade relacionada con este proxecto pero que será levada a cabo en horario non lectivo, polo tanto será voluntaria para o alumnado recibirá o seguinte nome: "Imos de foliada". Unha tarde ao trimestre xuntarémonos para recrear unha foliada ou serán nos que se cantaba e bailaba. Convidaremos para estas foliadas a toda a comunidade educativa e tamén a tódolos maiores que nos brindaron un anaco da súa memoria, ben fose un conto, un cantar... Haberá tempo para botar contos, regueifas, aturuxos... e sobre todo para cantar, tocar e bailar. Cambiaremos os escenarios das xuntanzas que noutrora foron as tabernas e lareiras, polos patios das nosas escolas.

Tamén queremos destacar dentro deste proxecto unha serie de **medidas de atención á diversidade**. Atopámonos nun centro que demanda unha educación integradora, é dicir, recoñecemos a diversidade de intereses, capacidades e estilos cognitivos de tódalas idades. Polo tanto, coa posta en marcha deste proxecto, levaremos a cabo algunhas medidas de atención á diversidade como por exemplo:

- modificaremos os tempos nas actividades, adaptándoos aos ritmos individuais de cada un.
- axeitaremos a metodoloxía e as actividades ás diferenzas individuais de cada alumno/a.
- axeitaremos a axuda pedagóxica, valorando os resultados nos procesos de avaliación.

Actualmente ao noso centro non asiste ningún alumno/a con **necesidades específicas de apoio educativo**, pero se así fose, ofreceríámoslle unha intervención educativa baseada nunha atención integral, rexida polos principios de normalización e inclusión.

Tampouco contamos no noso centro con **alumnado estranxeiro**, pero se nalgún momento se incorporase algún botariamos man do plan de acollida,



levando a cabo medidas encamiñadas a favorecer a súa adaptación ao medio escolar. Aproveitaremos a presenza de alumnado estranxeiro para relacionar a interculturalidade co noso proxecto. Así coñeceríamos outras culturas, cun folclore diferente, incluíndo danzas, cantos...

Outro aspecto que impregna o noso proxecto e polo tanto queremos mencionar, son unha serie de **medidas para fomentar a igualdade**. Dende o noso centro fomentamos unha filosofía coeducadora. Concebimos a coeducación como un medio para fomentar a igualdade, considerando que os alumnos e as alumnas deben ter os mesmos dereitos e oportunidades. Polo tanto, dende a escola, fomentaremos unha educación que ensine a convivir, dende a diferenza, no respecto ás persoas, independentemente da súa natureza de xénero.

6. RECURSOS XA EXISTENTES NO CENTRO PARA DESENVOLVER O PROXECTO

Para a planificación e posta en marcha do noso proxecto botaremos man de tres tipos de recursos: materiais, persoais e didácticos.

En canto aos **Recursos materiais** dispoñemos no centro dalgúns materiais relacionados coa imaxe e o son (cámara, pizarra dixitais, dvd, vídeo). Gravaremos as diferentes recollidas que vaiamos facendo e permitiranos volver a empregar estes valiosos recursos dun xeito didáctico nas aulas. O feito de que cada escola conte cunha pizarra dixital permítenos tamén elaborar actividades neste soporte. Outro recurso do que tirar proveito será a Internet dentro da escola, ferramenta fundamental para mantermos actualizado o blogue e para levar a cabo outras actividades xa mencionadas anteriormente como a vídeoconferencia con escolas do Norte de Portugal.

Recursos persoais: Neste apartado hai que salientar toda a comunidade educativa (alumnado, mestres e familias). Polo que respecta aos mestres, todos participarán no proxecto, mais os membros do ENDL loxicamente involucraranse moito máis. Dividiremos o equipo en pequenas comisións que



se encargarán de pór en marcha as diferentes medidas e actividades que vimos relatando. Tamén contaremos coa colaboración, por unha banda, de todas aquelas persoas que nos aporten un valioso anaco da súa memoria para incluír no noso proxecto, e por outra, dalgúns membros de diversas entidades, institucións ou asociacións externas ao centro.

Recursos didácticos. As propias recollidas, ben as que nos faciliten por escrito, ben as que vaiamos gravando serán un material didáctico de excepción. Os contos, as cantigas... son un recurso moi valioso para empregar con alumnos/as destas idades, xa que se caracterizan por ser lúdicos e motivantes para eles. Polo tanto, todo este material recollido despertará o seu interese e serviranos como punto de partida para traballar una chea de contidos. Os medios audiovisuais, un vídeo, un dvd, a gravación dunha voz ou unha foto dixital dannos pé a formular interesantes actividades onde non só se traballa a lingua oral e escrita, senón tamén aspectos culturais.

7. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN DO CONTORNO

Coa posta en marcha deste proxecto, ademais de fomentar a colaboración e participación de toda a comunidade educativa, tamén pretendemos implicar algunhas institucións, entidades ou asociacións externas ao centro. Consideramos que a escola debe ser un órgano aberto, polo tanto ademais de recibir unha chea de coñecementos e informacións que veñen de fóra, tamén debe amosar cara ao exterior todo aquilo que se coce dentro dela. Deste xeito será máis enriquecedor o proceso de ensino- aprendizaxe.

Tentaremos contar coa colaboración do Servizo de Normalización Lingüística do Concello para levar a cabo algunhas actividades conxuntamente. Tamén empregaremos algunhas instalacións que pertencen ao Concello, como o edificio de Servizos Múltiples ou a Casa da Cultura.

Tamén implicaremos outras entidades da zona, como por exemplo o Fogar da Terceira Idade, xa que consideramos que pode ser un foco importante de "tesouros vivos". Previamente da nosa visita ao fogar, coordinarémonos cos/as



traballadores/as deste centro para planificar actividades con nenos/as e maiores.

Outra entidade que tamén queremos implicar é a asociación de Empresarios de Santa Comba. Como xa mencionamos anteriormente, realizaremos algunhas actividades en colaboración cos comercios da vila de Santa Comba.

Tamén implicaremos na posta en marcha deste proxecto algunhas agrupacións musicais do contorno, que convidaríamos para que participasen connosco nalgunhas das nosas celebracións, como o magosto ou a romaría de fin de curso.

8. PLAN DE AVALIACIÓN

A avaliación forma unha parte importante do noso proxecto porque a través dela poderemos ser conscientes dos obxectivos acadados trala realización do traballo e das partes que poden ser melloradas en futuras ocasións. Por isto a avaliación é considerada como un elemento non só para medir os logros dos alumnos/as senón para reflexionar tamén sobre o grao de cumprimento dos obxectivos iniciais do proxecto.

Levaremos a cabo tres tipos de avaliación: inicial, continúa e final, que nos permitirán avaliar o proxecto en varios momentos do proceso. Comezaremos cunha **avaliación inicial**, que é a que xustifica a posta en marcha deste proxecto. Unha parte dos resultados desta avaliación xa quedaron reflectidos na xustificación e na descrición da situación lingüística do centro.

A seguinte será un **avaliación continúa** a cal nos permitirá avaliar os seguintes aspectos: o grao de cumprimento dos obxectivos; o nivel de participación da comunidade educativa; o grao de realización das actividades (se contamos con materiais axeitados e suficientes, se son motivantes para o alumnado...)

Por último levaremos a cabo unha **avaliación final** coa que observaremos o nivel de consecución dos obxectivos que nos propuxemos.



9. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO E FOMENTAR A PARTICIPACIÓN NO MESMO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O feito de que neste proxecto se vexan implicados todos os sectores da comunidade educativa supón a creación dun sistema de difusión e información do mesmo, que determine o coñecemento do que se vai facer e do que se está a facer, co fin de asegurar a participación dun número significativo de integrantes de cada sector e así acadar o éxito do mesmo.

As seguintes serán as iniciativas que se poñan en marcha dende o C.R.A. para obter este obxectivo:

- ✓ Reunión ao principio do curso co profesorado de nova incorporación ao centro, para informarlles do carácter do proxecto e solicitar a súa axuda.
- ✓ Reunión tamén ao principio do curso coas familias das distintas escolas. Informaremos do proxecto na reunión que se realiza habitualmente a principios de curso en cada escola, e posteriormente en calquer outra que se celebre.
- ✓ Difusión de todo o que se vai facendo no blog do C.R.A. (fotografías, gravacións, vídeos de actividades,...). Non descartamos, igualmente, crear un espazo no blog onde cada escola dea información do traballo que está a facer.
- ✓ Carteis informativos nas portas de entrada das escolas, anunciando as actividades que se estean facendo.
- ✓ Exposicións do material elaborado e recopilado no noso libro "Anacos da nosa memoria", invitando a toda comunidade educativa a visitalas mediante un programa, así como aos demais centros educativos da zona (por correo electrónico aos ENDL), ao Concello, locais comerciais... , é dicir, a todo veciño que estea interesado.



- ✓ Elaborar un blog (anexo ao blog do ENDL) específico do Proxecto “Anacos da nosa memoria” que sirva para expór e difundir as achegas que vaian facendo as familias do alumnado.
- ✓ Integrarnos na rede de Escolas Promotoras do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués e contribuírmos deste xeito a crear o “Sistema dos Tesouros Vivos da Eurorrexión” que promove a asociación “Ponte nas ondas”.
- ✓ Colaborar e coordinar co Equipo de Actividades Extraescolares o desenvolvemento das celebracións das festas tradicionais introducindo elementos das “recollidas” de patrimonio inmaterial.
- ✓ Colaborar co profesorado encargado da Biblioteca Escolar no fomento da lectura en lingua galega. Ter ben dotada de libros e revistas en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso.



ANEXO

No momento actual xa temos posto en marcha o proceso de recollida. Nesta páxina achégase modelo da carta explicativa enviada ás familias xunto co ficheiro. Pódese apreciar nas fotos da páxina 9.

.....

.

Queridos Pais/Nais/Titores,

Queremos escoitar (e ler) as vosas cantigas, contos, lendas, coplas, poesías, refráns, ditos, adiviñas, rimas de xogos... Tamén queremos escoitar e saber daqueles costumes, celebracións e labores do campo de antes: as mallas, as fías, as muiñadas, o Entroido...que ían asociadas aos labores do campo e que nos falan doutra sociedade que ata hai ben pouco existiu ... e que aínda se conserva na memoria dos máis vellos. Somos conscientes que as novas xeracións xa non temos coñecemento de moitas destas tradicións orais, máis seguro que os vosos pais, avós,... ou mesmo veciños de máis idade aínda lembran moitas.

Gustaríanos tamén que nos explicades a que se xogaba, e con que xogabades. Xogabades á billarda ou estornela? Faciades carros das vacas cos nabos? Ou acaso "gaitas" feitas de canas das xuncas?

En fin, gustaríanos que esas mostras da tradición oral que todos e todas coñecedes aparezan aquí para que os/as nosos/as nenos/as poidan coñecelas e compartilas con nós e os/as seus/súas amigos/as. Nós queremos recollelas para non esquecerlas.

Por iso pedímosvos que escribades neste libro-ficheiro, con letra moi clara, esa cantiga, trabalinguas, conto... nunha das fichas que vos facilitamos. Cubride por



favor os datos da ficha. No caso de que escribades un conto, animámosvos a que o fagades co/a neno/a e que o/a animedes a que faga un debuxo para ilustrar o que escribistes.

O libro-ficheiro deberá volver á Escola co/a neno/a na semana seguinte, coidando que non sufra estragos para podérmolo transmitir nas mellores condicións posibles.

Moitas grazas pola vosa colaboración

*O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
(ENDL do CRA de Sta. Comba)*